

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

VENRES, 17 DE XULLO 2009, 12:30 h

A inutilidade das linguas
Goretti Sanmartín Rei

Servizo de Normalización Lingüística-Universidade da Coruña

Bo día e feliz xa case remate de curso. Prometo ser breve nesta intervención e deixar o tempo necesario para as conclusións finais e para a interiorización do aquí falado e debatido nestes tres longos días.

A idea que dá título a esta conferencia xurdiu dos intensos debates previos á organización do programa deste V Curso de Verán, Traballando en Lingua, Do compromiso individual aos argumentos, un intercambio de opinións tanto a respecto dos contidos que debiamos tratar como da forma en que estes se debían desenvolver, un aspecto a que, como vistes, prestamos especial atención. Para alén de decidirmos apostar por esta fórmula do debate como xeito particular de tirar conclusións arredor da necesidade de fortalecermos os nosos discursos, existía un grande interese por ofrecer un relatorio en que se “demostrase” (e utilizo as aspas a mantenta, pois é xa ben discutible que iso se poida demostrar) a utilidade do galego. Na discusión sobre a conveniencia ou non de incluírmos estes contidos irrompeu con forza xustamente a idea contraria, isto é, a posibilidade de defendermos e de proclamarmos a inutilidade das linguas e, por tanto, a inutilidade do galego en canto que lingua tamén recoñecida e ás veces mesmo coñecida. Sería complexo facer explícito aquí un proxecto cuxa función principal é a de alterar a nosa percepción e provocar unha reflexión que se manteña máis alá dun curto ou medio prazo para se situar nun futuro espazo de común acordo que implique unha visión diferente non motivada por inmediateces e urxencias a que temos de responder unha e outra vez. Detérmonos, pois, nesta fase final do curso, e con todo o que leva chovido nos últimos tempos, nalgúns cuestións de fondo que movan algo as nosas posicións é o obxectivo desta exposición que desexa, fundamentalmente, combater tanto o “sempre foi así” como o “vai ser así, independentemente do que nós fagamos ou opinemos”.

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)

Comezamos o curso a falar das linguas ameazadas e pretendemos pórllle o ramo, por tanto, a falar das linguas ameazadas, porque esta non é unha cuestión particular, específica, xenuína, que só teña unha lectura desde e para o galego e porque nós temos ansias de estender a idea de nos situarmos as persoas comprometidas co galego na defensa de todas as linguas, na defensa da heteroxeneidade lingüística, cultural e de pensamento, na defensa das diferenzas, da variedade, da vontade de construción universal que parte do coñecemento do máis próximo e da autoestima do propio e que foxe do reduccionismo binario a que queren someternos, mesmo a través da incorporación dun outro idioma, o inglés.

Interésanos, pois, a unión deste noso compromiso particular coa defensa dos dominados en xeral e do combate contra todas as situacións de dominio no planeta como guía das nosas actuacións. Por iso non podemos defender a lingua sen sermos ecoloxistas, sen nos definirmos como feministas, sen estarmos cos movementos antiglobalización e sen acreditarmos en que son as palabras as que moven o mundo.

Velaquí a causa de non quereremos perder o ronsel iniciado o pasado mércores, cando se puxeron riba da mesa, como prolegómenos ás sesións de debate e ao resto das intervencións, os porqués e os para que defender as linguas ameazadas, e de desexarmos continuar na idea de seren as linguas o centro do noso discurso, todas as linguas, non a nosa simplemente polo feito de o ser, que tamén, para quen así o desexar, senón por cuestións de xustiza e de ética.

E xustamente a referencia á ética vai ser o centro, paradoxalmente, desta miña intervención, pois na proposta que vou defender porfío en vulgar superfluos tantos intentos de demostrarmos a utilidade do galego, por varias razóns.

A primeira non se lle escapa a ninguén: que tempo lle dedicamos a demostrar a utilidade do español?, mesmo, que espazo nos ocupa a argumentación sobre a utilidade do inglés?

Sobre a primeira das linguas (o español) a resposta é ben doada: ningún, non é preciso neste contexto demostrar que o español é útil (por algo será).

Sobre a segunda das linguas, o inglés, que si é obxecto de consideración frecuente (por ser unha lingua allea ao noso contorno como idioma de uso común), resolvémolo a fume de carozo: é a lingua internacional, a lingua universal, a lingua do intercambio científico e académico e, por tanto, ou hai que sabela ou hai que facer de que se sabe, que tanto ten. As posibilidades son unicamente dúas, ou dominamos o inglés ou el acaba por nos dominar.

O certo é que estas decisións sobre a utilidade das linguas xa están tomadas previamente a través dunha forte presión social que nos indica que o francés é

anticuado (e hoxe a xente le *Voltaire* ou *Simone de Beauvoir* sen arrubiar, mentres di *Zarajoum* cando o que ten ante os seus ollos é Zara home), que o éuscaro é imposible, que o catalán é para eles, que son un chisco especiais, que o portugués é innecesario, pois xa co galego, que nada ten a ver con el, arranxamos, e que mesmo o ruso xa sucumbiu ao imperio inglés e as universidades de Moscova ensinan, por fin, en inglés.

Por que, pois, esta preocupación sobre a utilidade do galego? Porque nos obrigan, porque xa conformamos un grupo resistente, que só se defende dos ataques e deixou de ter iniciativa de seu.

Hai uns días, nun acto organizado pola CTNL e a Mesa pola Normalización Lingüística en Compostela, comentei que o camiño iniciado pola descrición sociolingüística obxectiva, polos datos empíricos, a respecto da realidade galega parece sinalar unha escisión en dúas comunidades lingüísticas dominadas polos criterios do poder social, político, económico e mediático que converten o español na lingua “neutra” e o galego no idioma “estigmatizado”.

A lingua neutra é útil por definición. A lingua estigmatizada debe demostrar a necesidade de posuír certos ámbitos de uso. De aí que no caso galego observemos unha enorme flutuación canto ao compromiso cunha comunidade lingüística que nos vincule.

Sen entrarmos agora a dilucidar a respecto da existencia ou non de comunidades lingüísticas, imos valernos deste concepto para observarmos os diferentes graos de participación e de implicación coa(s) lingua(s). Para iso partimos de as comunidades lingüísticas constituíren grupos relativamente heteroxéneos e de se poderen observar nelas diferentes niveis de pertenza ao grupo. Neste sentido é preciso lembrar que “Participar nunha comunidade lingüística non é exactamente o mesmo que ser membro dela”. Velaquí a idea máis interesante de que coido podemos tirar gran proveito cara á nosa intervención, pois un aspecto central da planificación é o establecemento de prioridades para as accións que pensamos desenvolver.

Desde esta perspectiva, podemos xulgar que moitas persoas que participan da comunidade lingüística galegofalante de diferentes maneiras non son totalmente membros dela, e aí é onde podemos actuar, onde debemos actuar. Participan desta comunidade aquelas persoas que ocasionalmente falan galego e que mesmo valoran moito este feito (pensemos nalgunhas das experiencias que vimos nos grupos de traballo deste curso) sen se atreveren a romper a barreira de se contemplaren como estrañas nun universo dominado polo español. Participan tamén moitas persoas que usan o galego na escrita e un galego deficiente nalgúns ámbitos e/ou contextos, mais non son membros dela totalmente.

Como tamén podemos interpretar que non son membros en toda a dimensión desta palabra, neste contexto histórico en que nos movemos, as persoas que sempre ou case sempre falan en galego mais nunca len neste idioma ou que nunca o escriben. Este feito é tan grave cando esta posibilidade foi roubada historicamente (como aconteceu cos nosos pais, coas nosas nais, coas nosas avoas...), como cando se exerce por vontade e de maneira (in)consciente se está actuando contra a comunidade lingüística en que parecemos instalad@s. Isto é o que acontece cando políticos con importantes responsabilidades de goberno, de todas as formacións políticas, din non ter vagar para ler, ou declaran só ler en español ou traducións por non lles interesar a literatura galega..., ou cando precisan sistematicamente corrección lingüística ou cando, pola contra, negan ese asesoramento e viven na lingua de hai 30 ou de hai 20 anos (non me refiro neste caso ao máis recente acordo normativo e ás súas dificultades de implantación), simbolizando que non só eles, senón tamén o galego, pertence ao pasado.

Estas cuestións, que podemos partillar en maior ou menor medida, ocultan unha outra que pretendemos obviar. Refírome á necesidade tamén de medirmos en que grao participan da comunidade lingüística galega aquelas persoas que profesionalmente se dedican ao estudo e á aprendizaxe da lingua, á intervención sobre as súas dinámicas. Debería deducirse, en principio, que estas persoas son membros totais, membros plenos desa comunidade, mais acontece iso tamén de se chamaren *Julia* e *Javier*, de se apelidaren *Seijas* ou *Ameijeiras*, de non realizaren esforzos para asegurar as vincas que nos unen e que nos identifican como membros desa comunidade? Eu coido que non. E menciono isto pola cuestión da responsabilidade ou da irresponsabilidade e da súa relación coa utilidade ou a inutilidade das linguas, que nos ocupará máis abaixo.

Un feito que anuncia a interpretación da escisión en dúas comunidades ou, cando menos, que dá conta da xeneralización da falta de vontade de ser membro dunha delas, é a proliferación de iniciativas e debates que nos sitúan nesta posición á defensiva configurándonos xa como grupo resistente fronte á aniquilación. Nunca foi tan forte e tan evidente esta sensación de derrota e de procura de novos argumentos para nos presentar publicamente.

Porén, as linguas, para existiren, non precisan demostrar a súa utilidade. Ou nós non debiamos reparar nese elemento como principal. Porque hai moitas dúbidas sobre se o criterio da utilidade é o que debe gobernos. Na definición de inútil en calquera dicionario, para alén da referencia a que non serve para nada, está a de indicar alguén que non pode mover o corpo ou algún dos seus membros ou que non está capacitado

para traballar e entre os seus sinónimos poderíamos incluír formas como *improdutivo, infrutuoso, baldío*.

Definitivamente o galego encaixa perfectamente nesta definición, un corpo, un organismo, enfermo, un espírito doente (metáfora de grande uso na nosa literatura), incapacitado para traballar nalgúns ámbitos e a quen temos de subvencionar e de axudar para se valer, tanto externa como internamente (ai, a axuda do español para encher tantos ocos, tantos espazos perdidos!!!).

Por outro lado, mesmo sen termos tempo para nos deter aí, reparade en cantas veces, cando menos na praxe política, ou na actividade de xestión que hoxe parece suplantala, parece oporse inútil a responsable. O responsable é a utilidade. O irresponsable é a inutilidade. “Sería irresponsable non facer isto que pode ser útil”, escoitamos, cando o que se oculta detrás é o sentimento de non querer, de non desexar facer iso ou, cando menos, de non estar convencido/a de ser ese o camiño ou o lugar.

Cantas loitas teríamos perdido de nos deixarmos levar sempre por esta idea? Inútil oporse ao complexo problema do leite nesta nación e responsable dicir que non hai nada que facer. Inútil ser insubmisos e responsables obxectar. Inútil ser okupa e responsable xa non arrendar un piso, senón mercar unha casa de nova construción. É máis útil, claro. Ou é útil.

Deteñámonos un momento en xulgar cantas cuestións van parar, aínda hoxe, a este caixón do inútil, do improdutivo, desde o tempo dedicado ás crianzas ao de facer os xantares e os labores domésticos en xeral, aspectos que xa analizou o pensamento feminista para nos devolver unha visión contraria á que socialmente está prestixiada. Porque o importante será defender eses tempos e eses espazos para todo o mundo e non conseguir que ninguén teña que desenvolver esas tarefas para ser realmente moderno e PRODUTIVO.

A utilidade en termos produtivos, en termos de mercado, en termos económicos non pode ser a nosa guía, porque daquela o que teremos que realizar é un proceso de reivindicación da inutilidade, como o que eu estou a facer aquí hoxe. Para que serve a literatura, a arte, o coñecemento humanístico? Para nada. Absolutamente para nada. Improdutividade en estado puro.

Non nos fica outro remedio, pois, que reivindicar a inutilidade de tantas horas nos hospitais á beira dos seres que queremos ou a de tantas horas de coidados e de atencións para os máis pequenos desenvolveren as súas capacidades. Mesmo poderíamos reivindicar a inutilidade dos sentimentos, pois o amor materno, por darnos un exemplo, parece ter a súa utilidade garantida na educación de fillos e fillas e nos coidados que precisan esforzo e traballo físico, mais que acontece cando esa nai está nunha cadeira

de rodas, cando non pode desenvolver a serie de traballos que implica a maternidade? Xa non ten valor ese sentimento? Non ten tampouco valor o xesto de tantas persoas doadoras a non ser que teñan un/unha destinatario/a con rostro a agardaren por ese sangue, por ese órgano?

O modelo económico (xa non político) que domina na actualidade impón que os cidadáns convertan a satisfacción dos seus propios intereses no principal obxectivo das súas vidas, mesmo reducindo eses intereses a cuestións de carácter material, de riqueza e bens materiais.

Como sabedes o utilitarismo é unha corrente de pensamento que defende a utilidade como o valor máis importante, quer desde a propia conveniencia ou desde o propio pracer, quer orientado a unha ampliación a través da procura da maior felicidade para o maior número de persoas. Por suposto que existen elementos positivos nesta doutrina filosófica de que participou, por exemplo, John Stuart Mill, uns elementos en que agora non imos reparar porque non podemos concordar coa aplicación sistemática dos postulados utilitaristas na sociedade moderna, menos no ámbito das linguas.

Por un lado, unha construción baseada en maiorías e minorías non debería convencernos ás persoas usuarias de linguas ameazadas que sufrimos día a día o feito de sermos quer unha minoría cuantitativa nalgúns contextos, quer unha maioría dominada e, por tanto, cualitativamente, unha minoría social. Alén disto, o criterio de utilidade, aplicado habitualmente ao número de falantes que posúe unha lingua, sabemos que é un prexuízo que temos de combater, pois a lexitimidade está sempre de parte das linguas, independentemente do número de falantes e das súas posibilidades de extensión no mundo.

Porque non temos menos dereitos lingüísticos nestes momentos con menos utentes de galego, porcentualmente, que os que posuía a poboación galegofalante de finais do século XIX ou do século XVIII. Xustamente, mesmo sendo menos posuímos realmente máis dereitos polo feito de os construímos desde a consciencia de sermos na lingua.

Un dos aspectos que máis nos deben preocupar da actual situación sociolingüística, incluíndo nesta a deliberada confusión entre persoal técnico e político, que non podemos partillar, é o feito de trasladarmos os nosos coñecementos científicos sen o rigor e sen a ética necesarios. Porque quizais teñamos que ser capaces de explicar o que pensamos con autenticidade, independentemente de tácticas e de medos a sermos malinterpretados socialmente, quizais teñamos que continuar a formular discursos e partir deles para dialogar, tamén coa intencionalidade de mudarmos algo as nosas posicións, quizais teñamos que aprender a escoitarnos entre nós e a combater a idea de que todo aquilo que non é útil, que non é práctico a moi curto prazo non vale. Porque a

ciencia, e o noso rigor profesional, debe situarnos lonxe dunha posición de maiorías e de minorías e porque non podemos asumir como bo aquilo que defende un grupo da sociedade, por moi maioritario que sexa. Nós pensaremos o mesmo sobre a situación da(s) lingua(s) con este ou con estoutro goberno, con ese ou aqueloutro cargo nas diferentes responsabilidades políticas. Porque aínda vai rematar por xulgar a sociedade que o noso discurso está amañado para a ocasión e que só responde a intereses conxunturais.

Se definirmos a dinamización sociolingüística ou, nun sentido máis amplo, a dinamización sociocultural, como un método de intervención para que un grupo social concreto mude as súas actitudes de tal maneira que se implique nun proxecto de cambio, que participe nesta nova construción colectiva, teremos que recoñecer que o papel individual ten de ser fundamental nese proceso que esixe unha transformación fonda de mentalidades e actitudes. De aí a escolla de repararmos na descrición en a análise dos casos individuais e darlles o espazo que merecen.

Moitas das actuacións que se levan a cabo (e que se apoian) son ben valoradas polo feito de se dirixiren a grupos numerosos de persoas (a toda a comunidade educativa ou a todo o alumnado ou a partes moi grandes del). Polo contrario, as implicacións individuais son fundamentais. Temos que renunciar a mensaxes que cheguen masivamente e centrarmos a nosa atención naquelas persoas que son as principais receptoras potenciais ou naqueles grupos ben definidos que poden mudar de actuación. Para iso temos que distinguir, en primeiro lugar, para logo continuar a afondar nas diverxencias, dous grandes grupos de interese:

a) Aquel sector que teña na súa familia, no seu contorno máis inmediato, o galego como lingua de referencia (podería ser, no contexto de Carballo, Guntín, Santa Comba ou Boqueixón, por unha transmisión aínda espontánea ou no caso coruñés, por unha vontade manifesta de nais e pais comprometidos). Fixádevos en que nos dous non falamos de lingua inicial e en que é positivo erradicarmos esa diferenza como clasificatoria, pois serve para afondar nas diverxencias e causa aínda máis unha fenda social a todas as que se abren a partir dunhas realidades lingüísticas cada vez máis heteroxéneas.

b) Aquel sector sensible (por diferentes causas) a temas de xustiza, de coñecemento, de ampliación de matices, de necesidade de saber.

Este segundo grupo verase favorecido pola inclusión da lingua en todo tipo de actividades que pertencen a ámbitos de modificación de actitudes e condutas vitais, como o ecoloxismo, o feminismo, a defensa dos dereitos individuais e colectivos...

Temos que deseñar medidas e accións en que existan implicacións individuais. Nese sentido, como non podemos abranguer todo, é bo matinar nos en actuacións para unha aula, para un grupo pequeno e, de ser necesario, renunciar a lle dedicar tanto tempo e tanto esforzo a actividades dirixidas a grandes grupos que só van ser pasivas.

Por outro lado, unha construción nunha lingua ameazada, nunha lingua dominada, esixe unha dose suplementaria de esforzo, dun esforzo que vai contra o utilitarismo e que ten na defensa dos valores éticos a súa razón de ser. O contrario do esforzo (a rutina, a indiferenza, o deixar pasar, o non se preocupar das cousas) é o responsable de situacións que ningunha das persoas que estamos aquí desexariamos. Por exemplo, da progresiva desaparición do galego. A causa principal da substitución lingüística desde unha perspectiva sincrónica é a falta de esforzo, o deixarse levar, a comodidade, a preguiza, o mesmo que causa o desleixo canto á calidade da lingua, de que non vou falar, pois xa abondo falei. Quizais só teña que acrecentar que esa preocupación ten pouco que ver cun afán corrector que só intenta xustificarse a si propio.

Outra aplicación habitual do criterio de utilidade lévanos ao feito de xulgarmos seren as linguas fundamentalmente instrumentos de comunicación, unha perspectiva errada, mais que non temos que negar por implicar que leva o galego todas as de perder con el, nin combater para demostrar a magnífica e poderosa comunicación que establecemos a través del. En calquera manual sobre a linguaxe e as linguas que posúa un mínimo rigor está explicada a función das linguas e o único que temos que facer é explicala e defendela publicamente.

Para alén de seren instrumentos de comunicación (ou de incomunicación), as linguas representan a posibilidade de nos expresarmos, as linguas son o elemento con que construímos o noso pensamento. Só desde esta perspectiva ten sentido a súa defensa, pois como simple ferramenta de comunicación podería valernos calquera. Mágoa que a expresión tamén está a ser considerada como inútil nesta sociedade.

Nesta liña, as linguas, se as concibimos como simples elementos de comunicación, serven para ben pouco, son quer absolutamente inútiles quer, cando menos, francamente mellorables. De só precisarmos elementos de comunicación para intercambios comerciais, financeiros, protocolarios ou de calquera outra índole que unicamente supoñen a transmisión de mensaxes moi simples a través dun código, serviríamonos de calquera idioma, o propio ou outro calquera que nos axudase a solucionar un problema inmediato.

De precisarmos, no entanto, outro tipo de transmisión, por exemplo, aquela en que nomeamos o que dificilmente pode ter nome (como tivo que facer o feminismo para tantos sentimentos aínda non conceptualizados) só a pescuda e a indagación

introspectiva pode dar resultados de interese. Mesmo hai gran cantidade de ocasións en que a linguaxe é unha pexa, algo que nos fai caer en imprecisións e vaguidades por non sermos quen de expresar sentimentos e necesidades. Para sabermos que tempo vai ir, mellor un mapa; para coñecermos a relevancia de certos cargos, só cómpre observar o protocolo; para recoñecermos se hai cinismo ou hipocrisía nalgunhas palabras pronunciadas en contextos formais (ás veces tamén nos informais) hai que acudir á linguaxe non verbal.

Mais precisamos competencia lingüística non só, parafraseando Bourdieu, para producir frases susceptibles de seren comprendidas, senón fundamentalmente para producirmos discursos susceptibles de seren escoitados. Iso é o que queremos recuperar estes días para a causa da lingua.

O que acontece é que xulgamos que a nosa construción desde a inutilidade remata por nos situar fóra da vida real, do mundo en que nos tocou vivir, cal nube viaxeira que observa todo o que sucede na terra sen poder participar nela directamente. Porén, neste tempo de inestabilidade atmosférica, ten de chover e así a participación será máis real do que pensamos, primeiro acariñando suavemente a terra, logo introducíndose nela para se mesturar e compor unha nova receita que alimente maceiras, milgrandeiras e, como non!!!, carballos. Falamos, evidentemente, dunha utopía mais dunha utopía que, como di Zizek no prólogo á súa obra traducida ao galego *O espectro segue a roldar. Actualidade do Manifesto comunista*, non ten nada que ver con soñar nunha sociedade ideal sen ter en conta a vida real, senón cunha utopía que supón un asunto da máis inmediata urxencia, algo a que nos vemos empurrados como unha cuestión de supervivencia cando xa non hai posibilidade de continuar dentro dos parámetros do posible. Tal e como el o formula, chegou o momento de nos interrogarmos sobre a chave do dilema: estamos preparadas, estamos preparados, para dar un paso cara a fóra, para arriscar e apostar por unha ruptura radical? Porque, dito con outras palabras que el tamén recolle, vale máis un desastre que a ausencia do ser.

É imprescindible, pois, nesta procura de argumentos a prol das linguas, decidirmos antes se queremos vencer ou (con)vencer, como se formulaba no debate do acto da CTNL e da MNL a que antes me referín. E, particularmente, como dixen alí, eu só quero convencer, só me serve convencer.

É tamén imprescindible non confundir o técnico e o político e non situarse de maneira automática do bando do útil, do responsable, senón ter en conta as ideas do comportamento ético dominado pola xustiza.

Por fin, como as linguas non deben humanizarse, como as e os que sofren, as e os que teñen problemas e conflitos son os falantes e non as linguas, as linguas serán o que os

seus utentes e as súas falantes, quixeren. E os falantes están a decidir continuamente a lingua que queren empregar, están, como vimos, a (re)negociar unha e outra vez coas persoas con que interactúan non só o idioma senón o modelo que elixen, o rexistro que utilizan, os contidos que xulgan acaídos etc. Isto significa recoñecer que nos interesan esas vontades, todas elas, non só a lingua escollida, senón tamén as capacidades para se situaren en niveis cultos e/ou populares e por reparar nos elementos que forman parte dos seus discursos. Fragmentar estas cuestións supón deixar de concibir as linguas como as construtoras do noso pensamento e as mellores definidoras de quen somos ante os demais.

Por todo isto, e atendendo tamén á inutilidade das linguas e, con elas, a inutilidade do galego, remato por me declarar inútil, isto é, se estiveses atentas e atentos, remato por me declarar absolutamente irresponsable. Por iso non concordo coa Política Lingüística que esta a desenvolver o goberno galego e vexo nestes momentos en cada un/en cada unha de nós unha historia trágica diferente que agardo teña un final feliz, feliz como o da historia de [Regina Pessoa](#) que utilizo como ramo desta intervención e cuxa protagonista ben pode representar a nosa lingua, tantas veces humanizada e feminizada igual que a nosa nación, igual que Galiza, sempre a tecer e destecer mais sempre con ansias de voar.